



The image features a central text overlay on a dark space background filled with stars. Surrounding the text are several stylized celestial bodies: a bright yellow sun with orange and red flames at the top center; a red planet with darker red spots at the top right; a brown planet with a grey cratered surface at the top right; two identical brown planets with purple rings on the middle left and middle right; a blue planet with white clouds at the bottom left; a brown planet with blue and white bands at the bottom center-left; a green and blue planet with white clouds at the bottom center-right; and a red planet with orange and white bands at the bottom right. Two white starburst symbols are positioned below the text.

O SISTEMA SOLAR DE 5^o C




INTRODUCCIÓN

Neste traballo ensinaremosvos, a información que ao longo deste curso estivemos buscando a cerca do sistema solar e os planetas que o forman.



Neste proxecto iniciámonos na cultura científica e nas ciencias sociais, traballamos os fenómenos físicos relacionados coa Terra e o universo e tamén a exploración espacial.



Con esta actividade de investigación quixemos averiguar de que están feitos os planetas e con que materiais de refugallo que nós temos na nosa vida cotiá os podemos representar. Tivemos que poñer en práctica estratexas de recollida e uso de vocabulario científico e por suposto fomentamos a nosa curiosidade iniciativa e creatividade.


Con este proxecto fomos merecedores do 2 premio en Inova Ames.



¿QUE É O SISTEMA SOLAR?

O sistema solar é un conxunto de corpos celestes que xiran ao redor do Sol, a nosa estrela central, que exerce unha grande atracción gravitacional. Se cree que o sistema solar se formou fai cerca 4.600 mil millóns de anos a partir do colapso dunha nube de gas e po, coñecida como a nebulosa solar.

Este sistema inclúe 8 planetas e as súas lúas, asteroides, cometas, planetas ananos e outros corpos celestes menores.



✦ O SOL ✦

O sol é unha estrela xigantesca de fogo e gases.
A súa idade estimada é de 4,500,000,000 mil
millons de anos.

Está a 146.600.000 km da terra.

O sol viaxa a 220km por hora e tarda 250 millons
de anos en completar unha órbita.

O sol é unha estrela tipo G que é unha estrela de
tipo G da secuencia principal, a miúdo tamén
chamada anana amarela ou anana G.





✦ MERCURIO ✦

Dende Mercurio ata o Sol hai 58 millions de promedia. Non ten ningunha Lúa é un planeta rochoso, ten una superficie sólida, e está cuberto de cráteres, ten dobre amencer está composto por tres partes: núcleo, manto e codia exterior.

Núcleo: O seu núcleo é de ferro ocupa o 80% do planeta.


Manto: É a capa intermedia e está formado por rochas de sílice.

Codia exterior: É a capa mais externa e está chea de cráteres.

VENUS

Venus é o segundo planeta máis próximo ao sol. A atmosfera de Venus está formada por dióxido de carbono. É o planeta máis quente do sistema solar, ten case o mesmo tamaño ca terra e unha estrutura interna similar. Non ten satélites nin aneis e ten fases como a Lúa.

Venus está feito de unha codia, un manto rochoso, un núcleo de ferro, ácido sulfúrico e lava.





TERRA

O planeta Terra, é o terceiro planeta do noso sistema solar.

Se partimos a terra pola metade, veremos varias capas chamadas: costa terrestre que onde nos vivimos, astenosfera que está entre o litosfera e o manto, o manto que está composta por silicatos, núcleo externo que é unha capaplasmática principalmente composta por ferro e níquel e por último o núcleo interno é unha capa xeolóxica máis interna do planeta Terra.

MARTE

Marte é o cuarto planeta do sistema solar.

Ten un radio de 3.396 Km, tamén ten un gran volcán chamado Monte Olimpo, cunha altura de 21 Km, o dobre que O Monte Everest.

A duración do ano é de casi máis de 70.000 días terrestres.

Ten dúas lúas : Europa e Fobos. Fobos é a máis grande das dúas.


Dise que Marte antes tiña auga e que a maior parte da auga da Terra é de Marte.

Marte tamén ten unha distancia ó Sol de 228 millóns de kilometros.

Marte esta composto de terra e po, que o representa o abono, logo esta o plástico

que o representa como o aire que hai en Marte e por último é esta pedra que representa o núcleo rochoso.





XÚPITER

Xúpiter é o quinto planeta do sistema solar, e o máis grande e está a 778 millóns de km ata o sol.

Capas de Xúpiter:

a primeira capa empezando dende o centro é como un núcleo que é unha pedra de xeo, a segunda é unha capa que rodea o núcleo e está composta por hidroxeno metálico a terceira capa é unha capa de hidróxeno molecular e gasoso e a cuarta e última capa é unha capa composta por helio e nubes.




Curiosidades de Xúpiter:

Ten 97 satélites naturais detectados, e un de eses 97 satelites nomeado Europa suponse que pode albergar vida, sabíades que os días en Xúpiter non chegan a durar nin 10 horas pero tarda 12 anos terrestres en dar unha volta ao Sol. Recente dato é que a NASA revelou que no 2016 lanzou unha sonda chamada Juno para investigar o planeta, e descubriuse que Xúpiter ten un diámetro ecuatorial de 142.976 km e pensábase que medía 8 km máis 150.976 km e por último a famosa mancha vermella de Xúpiter, é un dos rasgos que lle diferencia de todos os planetas, realmente é unha tormenta de anticiclóns.

compoñentes de Xúpiter:

Está composto por hidroxeno aproximadamente un 89,8 %, e por helio aproximadamente un 10,2%. O demais é menos de un 1% e inclúe Metano, Vapor de auga, Amoníaco, Etano, Fosfano e Sulfuro de Hidroxeno.



✦ SATURNO ✦

Saturno, é o sexto planeta dende o Sol. É famoso polos seus impresionantes aneis que están formados por partículas de xeo e rocha. É un planeta gasoso composto principalmente de hidróxeno e helio. Saturno ten máis de 80 lúas. As súas capas son: O núcleo de roca feito de polispán, unha capa de xeo feita de algodón, outra de hidróxeno de metano feito de papel de alumineo, hidróxeno molecular feito de pequenas boliñas de polispán e a última de atmosfera gasosa feita por unha liña de pegamento con purpurina.





✦ URANO ✦

Urano é o noso planeta que está a 2.870 millóns de kilómetros do Sol e ten 27 Lúas.

As nubes do noso planeta están a -214^{a} C.

E se vos preguntades por qué ten esa cor azul é por un gas chamado metano que é inodoro incoloro e insoluble en auga. Ese gas non é tóxico.

Está principalmente composto por auga, por nubes altas e niquels, que son un tipo de pedras, e está cheo de metano.

Este planeta tarda 17 h con 12 min en dar unha volta a se mesmo e en dar unha volta ao Sol 84 anos terrestres.

Urano é o séptimo planeta do sistema solar.

✦ NEPTUNO ✦

Neptuno é o oitavo planeta desde o Sol no noso sistema solar e está a 4.504.300.000 km do Sol.

Foi descuberto o 23 de setembro de 1846 por Johann Galle e Henrich d'Arrest. Neptuno ten catro lúas: Tritón, Proteo, Nérida e Galatea. A súa gran distancia ao Sol fai que as súas temperaturas sexan inferiores a $-218\text{ }^{\circ}\text{C}$.

Neptuno ten os ventos máis velozes do sistema solar.

Está formado por: una atmosfera superior, nubes altas, atmosfera un manto de auga e un núcleo.






DIARIO DUN ASTRONÁUTA

18/7/2076

Hoxe viaxei a Lúa, cos meus amigos nun foguete moi grande. Preparei a nave e fun chamar a cada un dos meus compañeiros as súas casas. Puxémonos todos os traxes e comezamos a nosa gran viaxe.

Cando chegamos a lúa investigamos todos un pouco por alí
Mentres andábamos vimos uns monstros que non nos deixaron pasar.

Aínda eu os meus amigos pelexaban contra os alienígenas, despois de moito tempo derrotámoslos. Seguimos e había un burato negro un dos meus tripulantes foi atraído por el pero eu collino da man. Ao final tivemos moitos perigos pero chegamos todos sans e salvos as nosas casas.



DIARIO DE UNHA ASTRONAUTA



18/12/2050

Querido diario:

Hoxe aterrei en Xúpiter e a miña nave explotou e estou intentando arreglala.

Tamén é o meu cumpleanos e cumplo 34 anos estou moi contenta xa que os aliens Bobi e Dubi regalaronme unhas ferramentas para arreglar a nave e tamén o iphone 30 pro max, pronto conocereí a Xúpituli o rei supremo de Xúpiter, dixeronme que é moi amable.

Probablemente dentro de 7 meses Artemis 11 vaime vir a buscar pero dáme un pouco de pena xa que caíanme todos moi ben. Vou botalos de menos.





LENDA DE VENUS



Fai moito tempo Venus tiña un núcleo, formouse porque despois da explosión do big-bang había unhas esferas voando polo espazo exterior debido á explosión formouse un volcán xigante.

A lava como non había gravidade voou por todo entón e entrou dentro das esferas. Despois dun ano esas esferas estaban a miles de grados como 1.000 °C pedras foronse xuntando e formaron Venus. Despois de iso pasaron millóns de anos para que Venus teña esa forma redonda. E os humanos cando os foron a visitar Venus escabaron acia o núcleo e dicían que inda estaba quente.

E tardaron en escavar 9 anos e ahi non se supo máis de Venus.

LEO CARBALLIDO

2/2/2222

DIARIO DUN ASTRONAUTA



Ola son Lucas, son un astronauta fago envios polos planetas. hoxe tiña que mandar un paquete a Marte. É una caixa enorme é tamén moi ancha.

Eu creo que pode ser unha bicicleta, senón que podría ser?

Bueno, non me podo distraer porque a nave pode dar un golpe contra algunha roca, xa que aquí hai moitas pedras, e non son pequenas. Xa estou vendo Marte é super chulo é a primeira vez que veño a Marte estiven hasta en Neptuno e mira que iso está moi lonxe. ATERRIZAXE EN 3, 2, 1... ATERRIZEI!

Bou baixar a ver que hai. Xa subín e creo que vin un alien.

Vou a ir outra vez a ver se o veo. xa viñen, xa viñen, deume un golpe moi forte no brazo e agora estou sangrando non vou dicir máis que me teño que facer a cura, ata a próxima. Xa me quero ir para mi casa

LUCAS





Porque Venus ten lava?



Ten lava porque moito antes dos dinosauros, un volcán chamado frego explotou.

A lava que expulsou foi tan rápida cara riba que pasou da atmosfera, o magma volou polo espazo durante millóns de anos ata chegar a Venus o planeta mais frío de todos.

Cando a lava impactou contra Venus todo o xeo derretiuse e toda a vida desapareceu, toda a lava de frego impactou contra Venus, cubrindo todo o planeta de magma. E convertindo Venus o planeta mais frío no mais quente.



O NACEMENTO DO SISTEMA SOLAR

Existiron fai millóns de anos sete persoas, se chamaban: Ira, Gula, Soberbia, Luxuria, Pereza, Envexa e Avaricia. Unha vez se lles ocorreu facer unha trasnada, decidiron crear un mundo con esferas grandes con vida. Empezaron a crear ideas e despois duns anos deron coa formula, crearon o proxecto Sistema Solar, cando o crearon entotal había 9 esferas pero a máis pequena desfixérase, tamén había unha esfera ardente no centro de todo. O deus do espazo enfadouse tanto pero tanto que decidiu castigalos cun castigo que durara toda a vida, se lle ocorreu asignarlle a cada un unha esfera para que toda a súa vida foran empuxando delas pero faltaba un planeta e colleron un dos maiores pecados, a contaminación asignáronlle a terceira esfera para que a cargara. Co paso do tempo se lle deu nome ás esferas é algunha das sete persoas foi acostumándose e ía máis rápido pero outras quedaban atrás como a Pereza. E todo iso deu lugar ao noso sistema solar.

Matilde Hermo Louro




DIARIO ASTRONAUTA

Xoves, 30 de abril do 2026

- Hoxe viaxei a **Mercurio**
- Que levo? Traxe, casco, osixeno, cohete, auga, comida, nintendo, camara é gasolina.
- Que perigos atopei? En Mercurio atopei moitas rochas, calor, lava é máis xente.
- Que fixen alí? Investigar o planeta.
- Viviría alí? Si, porque era bonito.

Ezekiel



24/1/2026

O alien esfumado

Ola, son a astronauta

Leyre e estou nunha misión moi importante, atópome en Saturno buscando un meteoro que caeu fai 30 minutos. Busco onde caeu, xa que informáronme que había producido un burato enorme.


O atopei!! E enorme. Collín as miñas ferramentas e me puxen mans a obra.

O burato xa estaba tapado por iso decidín volver cara a nave. De súpeto apareceume un alie!! Tiña unha ferramenta na man, eu cría que me ía a facer dano pero no era o caso, el dixome que estaba buscando ao seu fillo e de camiño atopouse a súa ferramenta. Quedei sorprendida, querialle axudar a atopar o seu fillo, pero nun abrir e cerrar de ollos desapareceu.

Aí remata o meu día, ata a próximo.

LEIRE JUNCAL





UN DIARIO EN VENUS



3/5/2026

Aquí Ximena dende Venus. Levo 6 anos recorrendo Venus, menos mal que teño unha nave moi avanzada, estou fresca xa que está bastante cerca do Sol.

A xente que se encontra vixiándome para que todo saia ben, mándame moitísima comida para sobrevivir, aíndaque o proceso é bastante complicado... Se vos preguntades que cousas preciso para sobrevivir os 6 ANOS que levo recorrendo Venus, pois son bastantes: unha pixama especial para cando teña sono, obviamente o traxe de astronauta que é de cor rosa (porque me deixaron elexilo a min), a comida que me envían eles, todas as libretas e bolígrafos para apuntar os datos curiosos que ten Venus, a cámara para sacar fotos...


Un dos perigos que podo ter é que dea voltas a velocidade da luz que hai no espazo e achegarse máis á orbita de Venus.

Divertirse é moi fácil. A miña cámara ten uns filtros moi graciosos, entón póño-me a xogar mentres non teño nada máis que facer na nave.

Claramente non podería vivir en Venus, xa que é un planeta tóxico.

Seguerei escribindo máis.

XIMENA



LENDA

Conta a lenda que saturno era o planeta con máis diamantes do sistema solar. E alí non hai seres vivos polo que Saturno tampouco quere ter poboación por que según el é o planeta máis millonario do sistema solar. Está moi contento, asta que veu a nave espacial Artemis II. Enfadouse moi por que os humanos gastan moito diñeiro e co millonario que era el. E como os planetas movense a redor do sol, moveuse para que os da nave non puidesen aterrizar nel. Ata que puideron aterrizar e Saturno cansouse de que andasen por enriba del, entón deu unha voltereta sobre si mesma e tirounos ao baleiro do espazo. E así que quedou libre de humanos.



LENDA DE PLUTÓN



A deusa Xea tiña un can chamado Plutón. Nese entonces só existía o Sol , a Terra , Marte , Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno, creados por outros deuses, menos a Terra. O can era moi xuguetón e demasiado curioso , e un día Zeus estaba moi pero que moi cabreado con Hades e Plutón quería xogar e estaba moi contento. Zeus estaba tratando de gobernar o Olimpo pero o can non podía esperar, momentos despois Zeus estaba creando un portal por primeira vez polo que perdeu o control e Plutón pola súa curiosidade meteuse no portal. Quedouse miles de anos 7 flotando polo espazo e converteuse nun dos planetas máis misteriosos encontrados.

NOELIA

A LENDA DE SATURNO

Fai moito tempo, unha deusa que se chamaba Vida, que habitaba nun planeta chamado Saturno. Ela albergábase nos aneis de Saturno, ela estaba facendo un puré de neve, que colleu da calle a ela gustáballe moito ese mesmo xeo, sempre collía o do mesmo lugar, ata que foi un alíen que dicía que tiña moita fame, ela deulle un pouco do seu puré ó alíen encantoulle moitísimo a súa sopa así que chamou a toda a súa familia, amigos é todo tipo de aléns que coñecera. Entón a nomearon a súa nai.



O DIARIO DE CARLA

VENRES 12 DE XULLO DO 2026

Ola son Carla e hoxe vou explicar o que fixe no meu traballo a Nasa primeiro almorcei so un café para estar activa porque hoxe vou ir a lúa, vou ser a primeira nena en viaxar a lúa primeira me empezaron a poñer o traxe que e de cor morado clariño por que e o miña cor favorita, despois empecei a facer as miñas ultimas probas para que o despegue salga ben.

Despois de unha hora subinme ao cóete e en 3,2,1 despegou o cóete e estaba nerviosa pero tamén foi moi divertido pasou media hora e me despertei estaba na cima da lúa era impresionante e plof toquei a lúa estaba moi contenta apunto de chorar porque grazas a meu esforzo puíde tocala estou moi agradecida puxe a bandeira e me fun. Saíu todo perfecto todos me aplaudían sentinme poderosa e perfecta, e mirei a meu lado e estaba a miña familia, fun correndo xunto a eles mentres que choraba e cando os abracei sentín unha libio e me din conta que o meu avisavo tiña razón que si me esforzaba podí

DIARIO DUN ASTRONAUTA



OLA, SON UN ASTRONAUTA QUE ESTIBEN PERDIDO EN XÚPITER 5 ANOS.
NORMALMENTE NON DEBERÍA ESTAR EN XÚPITER, PERO HABÍA UN GRAN FALLO EN EL SISTEMA E
POR ISO ESTIBEN 5 LONGOS ANOS SOLO, ATRAPADO E VADESME DICIR ONDE ESTIBEN ATRAPADO,
POIS ONDE VAI A SER NA GRAN MANCHA VERMELLA.

ATERREI XUSTO NA GRAN MANCHA VERMELLA E ABSORBEUME E XUSTO CANDO ESPERTEI, NON ESTABA MORTO !
DESPOIS EXPLOREI UN POUCO E ENCONTREI COUSAS MARABILLAS, COMO POR EXEMPLO : ANIMAI, ALDEAS, CIDADES E O
MÁIS

IMPRESIONANTE PERSOAS !

ESAS PERSOAS TIÑAN UNHA CIVILACIÓN MÁIS AVANZADA QUE A DA TERRA MISMA.
E ASÍ CONSEGUIN POR FIN VOLVER A TERRA.

FIN

A historia dos aliens e deuses

Había unha vez un planeta descoñecido chamado Ara, nel había un dios que se chamaba Talero, que comía todas as estrelas que se encontraba. Un día indo a por unha estrela encontrou ao seu inimigo, o deus Arteu, o protector de estrelas enfadouse, Talero foise ao seu planeta, o outro deus o seguiu ata que encontraron un alien. Falaron e fixéronse amigos, un día quixeron investigar outros planetas entre eles a terra, cando chegaron ao planeta azul.

E por iso se di que existe os aliens e os deus.




LENDA DE NEPTUNO




Fai moitos anos, unha princesa moi apreciada, chamada Neptuno subiu ó espazo .

Había oito planetas, pero un estaba descolorido e non tiña vida. Neptuno decidiu darlle vida a ese planeta, colleu todas as cousas que levou, pintura, pinceis, purpurina, acuarela ... Despois chegou o mellor momento, poñerlle o nome. Chamoulle Neptuno por ser a primeira persoa en pintar un planeta. Neptuno levaba dúas semanas naquel universo e decidiu quedarse a vivir para poder protexelo.

EMMA REGUEIRO



A COR DE XÚPITER



Xa fai moitos anos un día a deusa Violeta estaba facendo un biscoito de moitas cores (porque lle gustaba moito a cociña). O biscoito levaba sangue de unicornio, anacos de Terra, area (levadura), zume de cocodrilo, coiro de alien e o seu ingrediente especial. Cando xa estaba o biscoito estivo repartindoo por toda a aldea. A xente lle encantaban os seus biscoitos porque estaban riquísimos e claro tiñan que coller un anaco, pero...esta vez non estaban moi seguros do que estaban facendo. Lles parecía raro porque era moi grande e colorido.


Dous días despois todos os da aldea sentíanse raros lles doía a cabeza, a barriga...

Un día reuníronse detrás da igrexa para falar do que estaba pasando. Todos sospeitaban de que fora o biscoito de Violeta. Ela rebisou os ingredientes e foi o ingrediente espacial.

Cando llo dixo a aldea todos empezaron a bomitar e cada bomito era de distinta cor. E por iso é así a cor de Xúpiter.

Valentina Rouco

DIARIO DUNHA ASTRONAUTA



Ola eu son Valen, hoxe empezo unha gran aventura

Como sempre vou almorzar leite con cereais.

Hoxe iniciome nunha aventura súper emocionante, desde pequena sempre quixen ser astronauta a parte de de ximnasta de alto rendimento.

Vou cumprir o meu soño... irei a estación espaciale espero que vós imaxinedes onde vou ir... O espazo está de camino!!!

Sobre a 13:30 cheguei, xusto ivamos montar no cohete . Estaba super nerviosa... ese nós comía un marciano...

O tempo era eterno as horas non pasaban estaba demasiado aburrida ata que..



Valentina Villar

DIARIO DUN ASTRONÁUTA

6/08/1989

Ola James, hoxe fun a unha viaxe espacial, estou moi feliz, porque vin o planeta vermello, Marte! había moito po. E de repente... O po fixo que A nave espacial empezase a xirar e case nos estoupÁsemos con Marte. Preto de morrer, o capitán Jonathan wills conseguiu controlar o foguete e salvarnos da morte. Todo o mundo tiña medo pero igualmente todos aplaudimos ao capitán por salvar a nosas vidas e a sua.

DATOS BIBLIOGRÁFICOS



<https://lanasa.net/>

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Sol>

<https://spaceplace.nasa.gov/sun-age/sp/>

<https://www.nationalgeographic.com.es>

[/https://supercurioso.com/curiosidades-del-sol/](https://supercurioso.com/curiosidades-del-sol/)

[HTTPS://SPACEPLACE.NASA.GOV](https://spaceplace.nasa.gov) › [ALL-ABOUT-VENUS](#) › [SP](#)

